

A partir do luns 5 de outubro permanecerá aberta a biblioteca de 16:30 a 18:30 de luns a xoves.

O seu uso queda definido polas condicións que se establecen no protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021

Uso da biblioteca según o protocolo.

1. A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

No caso da nosa Biblioteca o aforo queda reducido a 15 persoas simultaneamente para poder garantir as distancias de seguridade. Por esta razón este curso non se permite o acceso a maiores.

2 A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

Na nosa biblioteca irán entrando a partir das 16:30 ata acadar o aforo máximo. Non poderá acceder ninguén máis ata que saia algún usuario.

3. O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

4. O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo catro horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.